



Xunta de Galicia

# C.E.I.P. CAMPOLONGO



PONTEVEDRA

## PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO 2011-12





## SUMARIO

### 1. INTRODUCCIÓN

### 2. A NOSA REALIDADE: BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

- Contorno sociolingüístico do centro.
- Situación do profesorado.
- Situación do alumnado.
- Situación lingüística do centro.

### 3. OBXECTIVOS PARA O USO DO GALEGO

### 4. ACTIVIDADES E MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS

#### 4.1.-MEDIDAS XERAIS

#### 4.2.-MEDIDAS A TER EN CONTA POLA ADMINISTRACIÓN

#### 4.3.-MEDIDAS A TER EN CONTA POLA COMUNIDADE EDUCATIVA E NO CONTORNO

#### 4.4.-MEDIDAS PARA O PROFESORADO

#### 4.5.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO

#### 4.6.-MEDIDAS PARA O E.D.L.

#### 4.7.-MEDIOS E RECURSOS DO CENTRO

#### 4.8.-ACTIVIDADES CURRICULARES

- BLOQUE I A LINGUA E O PLURILINGÜÍSMO
- BLOQUE II LINGUA ORAL : A ORALIDADE
- BLOQUE III LECTURA E ESCRITURA
- BLOQUE IV A LINGUA COMO OBXECTO DE REFLEXIÓN
- BLOQUE V A LINGUA E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN
- BLOQUE VI A LINGUA COMO CANLE DE COMUNICACIÓN

#### 4.8.1.-Obxectivos específicos.

#### 4.8.2.-Contidos.

#### 4.8.3.-Áreas.

#### 4.8.4.- Actividades para acadar ditos obxectivos. Títulos das actividades.

#### 4.8.5.- Porcentaxe de alumnado implicado.

#### 4.8.6.- Porcentaxe de profesorado implicado.

#### 4.8.7.- Temporalización.

#### 4.8.8.- Orzamento.

#### 4.8.9.- Responsable/s e departamento/s ao que pertence.

#### *Porcentaxe de alumnado implicado:*

-Todo o alumnado: 540 alumnos/as.

-Cada nivel : 25 alumnos/as.

-Cada ciclo : 150 alumnos/as.

#### *Porcentaxe de profesorado implicado:* -Todos : 37 mestras/es.



## 1.-INTRODUCCIÓN

O Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Campolongo foi renovado formalmente no claustro do 2-09-2011 de acordo coa proposta dos órganos competenciais correspondentes.

O resultado da renovación materialízase coa renovación da maioría dos membros, agás o coordinador e a Xefatura de estudos. O equipo procurará actualizar datos sobre a realidade lingüística do centro que permitan orientar debidamente as actividades previstas para o curso 2011-2012 e outras que poidan incorporarse máis adiante, mantendo para elo, reunións ordinarias de coordinación. Tamén se han convocar reunións extraordinarias cando haxa temas urxentes que tratar relacionados coas actividades que coordina o equipo. O EDL intenta poñer en marcha diferentes accións e medidas, asumindo a principal responsabilidade de artellar as propostas, dependendo o seu aproveitamento, iso si, de diversas variábeis: actitude do equipo directivo, “dispoñibilidade horaria”, profesorado disposto a colaborar, **espazo para reunións e medios materiais** etc.

*Segundo consta na memoria de fin de curso , onde se analiza a evolución do uso da nosa lingua, chegamos á conclusión de que non se deron avances de importancia en relación ao fomento do galego –especialmente na oralidade-, constatando por outra banda, que hai aspectos do proceso normalizador dos que non dispoñemos de datos exhaustivos para cuantificar.*

**Nas conclusións ás que chegamos;** pensamos que se está a dar un proceso de substitución lingüística, pois a oralidade é escasa, por debaixo dos obxectivos que nos sinala a normativa, a valoración é pouca, e o descoñecemento da lingua acada aínda cotas bastante elevadas, o que determina a difícil existencia actual do noso idioma e o seu incerto futuro. **Consideramos a oralidade moi importante,** nese senso hai limitacións, sinalar entre outras a escasa implicación de parte do profesorado, a inexistencia ou escaseza de reunións –agás as marcadas por lei- para impulsalo uso da nosa lingua entre o propio profesorado e, por conseguinte, a falta de coordinación para tratar temas como o da lingua.

**A familia é moi importante na transmisión aos nenos e nenas de aptitudes positivas (e tamén negativas) cara á lingua.** Salientar tamén que o galego non se utiliza a miúdo como ámbito de encontro senón de enfrontamento. Hai familias que lle botan a culpa ao galego. Non hai concienciación da necesidade da lingua.

**O galego vai avanzando devagar especialmente na escrita, pero non na oralidade.**

**EN RELACIÓN AOS PREXUIZOS , hoxe en día estanse sumando algúns novos, como por exemplo que o galego non serve para nada, que constitúe un obstáculo para a aprendizaxe, así como a identificación da persoa que fala galego cunha determinada ideoloxía. É preciso desterrar os prexuízos.** Referenciar nas estatísticas o caso dos inmigrantes que, cando rematan a primaria son mellores galegofalantes cós autóctonos, xa que eles ven o galego como unha necesidade de adaptación ao lugar onde viven.



Por parte da Administración precísanse máis medios e recursos, e que apoiem as iniciativas que xorden nos centros para o profesorado.

**Referente ao alumnado**, presenta o Castelán como lingua vehicular, na súa inmensa maioría. Son, pois, nenos e nenas castelán falantes, aínda que poden empregar-lo Galego, con certas dificultades, en moitos casos.

Cumpre contemplar, ademais do contexto social en que se vai desenvolver, as distintas realidades lingüísticas existentes entre a poboación escolar.

Tamén se deben implicar máis as ANPAs dentro do traballo lingüístico, pois estas poden facer algo pola lingua, pero precisan dun profesional que as coordine en materia lingüística.

De acordo coa realidade do centro é preciso deseñar as modificacións necesarias nas distintas variables que sexan precisas para incidir fundamentalmente na:

- **ORALIDADE.**
- **E. INFANTIL:** Traballo lúdico-afectivo cun enfoque socio-afectivo.
- **POSICIÓN POSITIVA CARA A LINGUA**, e de apoio por parte da Comunidade Educativa.

*A LIÑA DE TRABALLO MARCADA POLO EDL FUNDAMENTASE EN:*

- a) Un incremento progresivo, flexíbel, do nivel de competencia do alumnado.*
- b) Un incremento no total de horas das actividades complementarias e extraescolares impartidas en galego.*

**Toda esta labor será posible grazas a dúas ferramentas educativas decisivas no desenvolvemento do proceso normalizador no noso centro:**

Por unha banda o **PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**, aprobado polo Claustro e Consello Escolar **no mes de outubro do curso 2010-2011, de acordo co marco legal que establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** e por outro lado o **PROXECTO DE FOMENTO DO GALEGO**, que será presentado á administración educativa a finais do mes de febreiro.

Segundo a análise realizada, o deseño dun proxecto dinamizador non debe esquecer as outras manifestacións que conforman, xunto á lingua, a armazón cultural galega. Normalizar a lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar -dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto.

Cúmprenos pois, **unhas pautas de actuación** tendentes a impulsar a cultura galega **no ámbito da nosa escola, para conseguir un momento no que**, logo do proceso previo, se entende que todos os alumnos e alumnas acadaron a competencia necesaria para que **o galego poida ser xa a lingua de uso no ensino a todos os niveis en igualdade co castelán**.

*As liñas de traballo marcadas polo EDL para mellorar a situación sociolingüística do galego, pasan inexorablemente por considerar o reforzo de estratexias socioafectivas xa dende a máis temperá idade, cunha metodoloxía para a dinamización sociolingüística integradora. Tamén haberá que incidir no que respecta á escasa concreción do uso do galego nas primeiras etapas educativas e, moi especialmente, no que atinxe ao momento decisivo da adquisición das destrezas da lecto-escritura, promovendo, para esta etapa en especial e en xeral para toda a primaria, unha intervención necesaria sobre o ámbito*



*familiar: hai que concienciar á sociedade e as familias de que o que falamos forma parte do noso habitat, é unha creación social e humana que reflicte a nosa cultura, é o noso meirande trazo de identidade, por iso sempre mantelo con vida, cunha ética de autoestima e potenciando unha lingua de calidade.*

*De aí a nosa responsabilidade na herdanza da lingua e da normalización da cultura galega; asentar valores relacionados coa diversidade lingüística, o plurilingüismo e a normalización cultural, centrarse máis na oralidade fronte á lectura e a escritura, crear e potenciar hábitos de uso nos castelanfalantes e, como non podía ser doutro xeito, implicar aos ensinantes para alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.*



## 2.-A NOSA REALIDADE: BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

Como órgano responsable da potenciación, impulso e fomento do uso do galego na escola, este equipo, constata un progresivo relaxamento no proceso normalizador dentro da Comunidade Educativa, coa conseguinte perda de vixencia do galego como lingua de uso ordinario –poida que por certa falla de tradición no seu emprego-, onde a escasa valoración e as actitudes pasivas ou negativas son preocupantes . En moitos casos, a Lingua Galega úsase como lingua ambiental nas relacións coloquiais, pero o Castelán como lingua de relación cos fillos e fillas, tanto no fogar como na rúa.

Dado que o alumnado presenta o Castelán como lingua vehicular, na súa inmensa maioría, a súa competencia e as súas actitudes non o predispoñen favorablemente de cara ó galego . Son, pois, nenos e nenas castelán falantes, aínda que poden emprega-lo galego, con certas dificultades, en moitos casos. O profesorado é tamén castelán falante maioritariamente, o galego empregase fundamentalmente na escrita, e a nivel curricular cúmprese a normativa. No tocante a **oralidade** o seu emprego é escaso .

Despois de observar a nosa realidade lingüística chegamos ás seguintes conclusións.

### ➤ CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

O C.E.I.P. Campolongo é un Colexio asentado no centro da cidade (Pontevedra), o seu contorno sociolingüístico é maioritariamente castelán. Atendendo, logo, á situación sociolingüística do medio no que está situado, escolariza ós seus alumnos e alumnas en Castelán, incrementando lentamente a presenza do Galego .

### ➤ SITUACIÓN DO PROFESORADO.

a) Lingua habitual do profesorado: predomina o castelán.

b) Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais : escasa.

#### c) **Emprego da lingua a nivel curricular:**

EDUCACIÓN INFANTIL: a lingua predominante é o castelán. Establecese unha sesión diaria en L. Galega, distribuída nas seguintes actividades:

- As rutinas (datas, contar, meses ...).
- Memorizacións e recitados.

Tamén se imparte unha sesión semanal de Psicomotricidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA, primeiro ciclo: Coñecemento do, L. Galega, E. Física, Música en galego. L. Castelá, Matemáticas, Relixión, Plástica-Artística en castelán.

EDUCACIÓN PRIMARIA, segundo ciclo: Coñecemento do, L. Galega, E. Física, Música en galego. L. Castelá, Matemáticas, Relixión, Plástica-Artística en castelán. EDUCACIÓN PRIMARIA, terceiro ciclo: Coñecemento do, L. Galega, E. Física, Música en galego. L. Castelá, Matemáticas, Relixión, Plástica-Artística en castelán. Aula das tecnoloxías da información e da comunicación: utilización escasa.



Profesorado de PT/AL: emprego do galego segundo o estipulado por lei.

Profesorado de inglés: empregan o galego nas clases de inglés axustándose ao marco legal; non cuantificado o emprego.

### ➤ SITUACIÓN DO ALUMNADO.

- a) Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar: o castelán.
- b) Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: o castelán.
- c) Lingua empregada habitualmente polo alumnado no seu ámbito familiar: o castelán.
- d) Actitudes cara á normalización social do galego que se constatan entre o alumnado: pouco favorables.

### ➤ SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

- a) Lingua empregada habitualmente nas familias: o castelán.
- b) Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias: o castelán
- c) Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc. Si.
- d) Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións. Escritas si, na oralidade empregase maioritariamente o castelán.
- e) Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro. Castelán
- f) Emprego da lingua galega por parte da ANPA (tanto nas actividades que organiza como por parte dos seus membros) : o castelán na oralidade, galego nos comunicados.
- g) Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares: o castelán.
- h) Dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, CD, DVD). Maioritaria en castelán.
- i) Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, blog da biblioteca ou das clases, actividades informáticas na docencia...): escasa.
- j) Visibilidade das accións do Equipo Dinamización Lingüística: escasa.

### SEGUNDO ESTA BREVE ANALISE ENTENDEMOS QUE:

Toda a recente normativa que promove a administración non se debe considerar, -no referente a regulamentación- como o desexado punto final no proceso, xa que é preciso una focalización do esforzo dos sectores comprometidos co idioma cara o cumprimento de tódolos aspectos lexislados.

Esta reflexión ten a súa transcendencia en contextos sociolingüísticos castelanizantes como é a nosa escola, **onde partimos dunha situación de inferioridade do galego en relación co castelán e tendo en conta que cambiar o hábito de uso dunha lingua está condicionado só no 20 % polas habilidades técnicas ou comportamentos lingüísticos e no 80 % polas destrezas emocionais,** é una tarefa fundamental e común de todos, integrar dinámicas socioafectivas e asentar valores relacionados coa diversidade lingüística e o plurilingüismo, a normalización cultural e os hábitos lingüísticos; afondando fundamentalmente nos beneficios do plurilingüismo, posto que o modelo de "equilibrio" no reparto do espazo vehicular do ensino entre as linguas galega e castelá non é garante da normalización escolar da lingua propia de Galicia, pois **o alumnado ó remate da primaria non acada as mesmas competencias lingüísticas en galego que en castelán, especialmente a nivel oral; en todo caso, é preciso de reforzar**



**precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temperá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social. A desigualdade sociolóxica do galego non se pode eliminar por medio da igualdade no trato.**

Dado que a comunidade educativa do noso centro xoga un papel fundamental no proceso normalizador, mantemos a convicción de que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso; este equipo de normalización entende que igual se lle pode dar unha volta ao hábito de afastarse da realidade propia se por parte da comunidade educativa se pon interese e se fomenta non só o dereito senón tamén o desexo e o deber de uso.

Este equipo quere animar a andar á comunidade educativa o camiño da normalización, sinxelo e complexo ao mesmo tempo, e quere contribuír co seu traballo á difusión da cultura propia; quere incentivar, apoiar iniciativas a prol do emprego común e sen complexos da nosa lingua, con coñecemento de causa e con infinda entrega. Despois de analizar os datos lingüísticos contempla as seguintes posibles actuacións:

- **Provocar e promover actividades encamiñadas a establecer o contacto xeracional do alumnado.**
- **Propor ás titorías actividades normalizadoras.**
- **Consolidar os pequenos avances normalizadores no centro, conseguidos a través da práctica habitual.**
- **Promover actividades que trascendan ao ámbito escolar propiamente dito: encontros e intercambios cos centros do contorno e co estremeiro Portugal.**
- **Centrarse máis na oralidade fronte á lectura e a escritura, posto que é alarmante a perda de falantes.**
- **Considerar a normalización lingüística transversalmente: implicación de todas as materias curriculares no proceso: linguas estranxeiras , música, educación física e audiovisual.**

O presente proxecto pretende dinamizar o galego, dando solución aos problemas e as necesidades actuais e tomando as medidas para potenciar e mellorar a súa situación no noso centro.

É preciso adiantar que o modelo elixido para o desenvolvemento deste proxecto de fomento do uso do galego, é o dun plan por obxectivos. Deste xeito, propóñense **medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, polo que se estableceron nas medidas curriculares seis grandes bloques de actuación**, cuns obxectivos específicos en cada bloque, aplicados a determinadas áreas curriculares en cada caso; estendendo o seu ámbito de acción ao conxunto da transversalidade e con actividades e medidas de actuación propias para lograr os devanditos obxectivos, figurando en cada bloque a porcentaxe de alumnado e de profesorado implicado, a temporalización e a súa cuantificación económica.



### 3.-OBXECTIVOS XERAIS PARA O USO DO GALEGO

**Desde a formación do EDL, vimos fixando uns obxectivos que revisamos cada curso.**

Estes obxectivos desenvolvéronse, -uns en maior e outros en menor medida ( non houbo unha estatística de seguimento específico)-, durante todo o curso e cursos anteriores. Dicur que os obxectivos: “ *Valorar a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social*” e “ *Mostrar aprecio pola lingua galega como canle de expresión a tódalas situacións da vida*” necesitan dun compromiso máis firme por parte do profesorado e tamén dunha reflexión profunda sobre a situación que modifique actitudes e logre chegar á valoración e a divulgación do que nos é propio.

Na acta de reunión nº 2 do Equipo de Normalización Lingüística (8-09-2010) aprobáronse uns obxectivos xerais acompañados dunha proposta xeral de actividades para o curso 2009-10, que posteriormente serán aprobados polo claustro e polo consello escolar .

Estes obxectivos xerais son os seguintes:

#### **OBXECTIVOS A LONGO PRAZO**

- Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.
- Acadar un maior uso do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

#### **OBXECTIVOS A MEDIO PRAZO**

- Mellorar as actitudes lingüísticas da comunidade educativa , logrando unha actitude positiva en favor da normalización, incluíndo as respostas condutuais (interiorizadas, non impostas).
- Potenciar a oralidade na comunidade escolar, incidindo fundamentalmente no alumnado e profesorado.
- Crear hábitos de uso nos castelán falantes de tal xeito que cuestionen determinadas normas contextuais e poidan optar polo galego á hora de abrir unha conversa.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.
- Garantir a competencia lingüística plena en galego do alumnado ao remate da primaria.
- Dispoñer de material curricular en galego para todas as áreas.

#### **OBXECTIVOS PARA O PRESENTE CURSO**

- Potenciar a oralidade.
- Incrementar o uso e o ensino do galego en E.I.
- Mante-la exclusividade do galego na elaboración de todo tipo de escritos e documentos de xestión.
- Utilizar o galego como Lingua de referencia en tódolos actos administrativos do centro.
- Utilizar a Lingua Galega como elemento identificador, empregándoa como canle de expresión a tódalas situacións da vida.



- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Facer do galego a lingua habitual de relación dos mestres/as cos alumnos/as e cos pais/nais do alumnado, garantindo que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Amplia-la dotación da biblioteca do Colexio con libros de lectura en galego.
- Incrementa-lo índice de lectura de obras en galego, así como coa adquisición de material videográfico e lúdico didáctico.
- Informar ó profesorado das normas e leis que regulan o uso do galego no ensino.
- Proporcionar á Comunidade Educativa o material necesario para o desenvolvemento e o emprego da Lingua Galega.
- Manter informado ó profesorado das novidades editoriais
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Salienta-lo “Día das Letras Galegas”, dándolle transcendencia fóra do ámbito escolar.
- Manter vivas as festas e tradicións galegas.
- Realizar actividades que permitan un maior coñecemento e comprensión do entorno social e cultural do centro.



## 4.-MEDIDAS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA CONSEGUIR OS OBXECTIVOS

### 4.1.-MEDIDAS XERAIS

#### **-POTENCIAR DECIDIDAMENTE OS USOS ORAIS.**

- Abranguer unha ampla diversidade de situacións comunicativas e todos os rexistros da lingua.
- Reflexionar activamente sobre os prexuízos lingüísticos.
- Traballar o eido lúdico-afectivo das actitudes en relación coa diversidade.
- Tentar romper coas disociacións da imaxe social do idioma: galego fronte a potencialidades comunicativas, espontaneidade urbana, usos tecnolóxicos...
- Poñer en marcha as medidas necesarias por parte da administración para que a normativa se aplique.

### 4.2.-MEDIDAS A TER EN CONTA POLA ADMINISTRACIÓN

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Desenvolver un plan de formación que garanta que todo o persoal escolar de Galicia teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego.
- Fixar e difundir polas canles axeitadas a terminoloxía, os estilos e as linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas.
- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes de educación infantil e primaria que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar
- Esixir a todos os centros, sen excepción, o cumprimento da normativa vixente sobre normalización lingüística, adoptando medidas correctoras no caso de incumprimento.
- Garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros treitos educativos e na aprendizaxe da lecto-escritura .
- Establecer unha oferta educativa en galego na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.
- Realizar en todos os centros un seguimento e avaliación anual do grao de galeguización do currículo e da súa efectividade.



- Promover desde a Administración educativa (a través de proxectos, en convenios con editoriais, etc.) a elaboración de materiais para o ensino da lingua desde unha perspectiva comunicativa e priorizando o uso das TICS.

#### **4.3-MEDIDAS A TER EN CONTA POLA COMUNIDADE EDUCATIVA E NO CONTORNO**

##### ***Aspectos visuais , orais e documentais do centro***

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
- **Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversos EDL enlaces ,para a consulta doutras páxinas de interese.**
- **Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social:** correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados, etc.
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias, etc.
- Empregar o galego na megafonía, actividades extraescolares, etc.
- Editar en galego a revista e outras publicacións (periódicas ou non) do centro.
- Preparar exposicións sobre o uso do galego que teña en conta tres niveis:**
- **A sociedade en xeral.**
- **O contorno do centro.**
- **O colectivo educativo.**

##### ***Creación de actitudes positivas de cara ao prestixio da lingua***

Favorecer a modificación das condutas sociolingüísticas dos membros da comunidade educativa, fomentado os usos lingüísticos en lingua galega e desfacendo prexuízos e opinións lingüísticas negativas.

- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
- Implicar todos os axentes escolares no proceso normalizador.
- Abordar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística do contexto.
- Fomentar campañas que, proporcionando información e estímulos positivos, busquen a modificación das actitudes negativas.
- Divulgar unha imaxe da lingua galega centrada nun argumentario moderno, que complemente o discurso identitario.

#### **4.4.-MEDIDAS PARA O PROFESORADO**

- Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Participar en actividades de formación e de reciclaxe para o profesorado.
- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Realización de actividades conxuntas entre centros que estean próximos.
- Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos, clubs de lectura.
- Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas.



- Colaboración entre distintos centros educativos: poden ser do mesmo nivel (como tal, dous centros de primaria) ou de distinto nivel.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Divulgar e intercambiar experiencias e modelos de planificación lingüística a través de encontros, publicacións, etc.

#### **4.5.-MEDIDAS PARA O ALUMNADO**

- Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares co alumnado (e non só para o alumnado), realizando proxectos interdisciplinarios nos que se integre profesorado que aínda non se decidiu a "dar o paso"...
- Articular diferentes dinámicas e actividades para que o alumnado poida darlle máis sentido ao que fai e se posibilite a comprensión da realidade social da lingua e o achegamento reflexivo ás barreiras que impiden a expresión (competente) en galego.
- Garantirle ao alumnado ámbitos, actividades e espazos de uso en que poidan utilizar activamente a lingua galega.

#### **4.6.-MEDIDAS PARA O EDL**

- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida lle afecta a cada membro da comunidade educativa.
- Promover charlas de todo tipo (con escritores/ as, con sociolingüistas, con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión, etc.) para normalizar a utilización social da lingua.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- Informar sobre os recursos existentes para o ensino-aprendizaxe do galego e en galego (especialmente en CD e na Rede) e difusión destes de forma gratuíta a todos os centros.
- Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos. Esas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado ou ao alumnado.
- Realizar na memoria de cada curso escolar unha avaliación do estado de normalización de cada centro en que se dea conta, cando menos, das seguintes cuestións:
  - número de materias e aulas nas que aumentou ou diminuíu o uso do galego,
  - materias nas que a lingua galega non está presente,
  - repercusión deses cambios na competencia e no uso do galego por parte do alumnado.



#### **4.7.-MEDIOS E RECURSOS DO CENTRO**

- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas, etc.

##### ***A biblioteca:***

- Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura con profesorado-bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura.
  - Materias curriculares en galego
  - Medios informáticos en galego.
  - Medios audiovisuais en galego.
- Promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega.
- Utilizar a biblioteca como fonte de información e diversión.
- Valoración da biblioteca e do patrimonio literario como expresión lingüística e cultural da comunidade.

##### ***Tecnoloxías da información e da comunicación***

- Darlle pulo á utilización das (TICS), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet
- Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos.



## 4.8.-ACTIVIDADES CURRICULARES

## BLOQUE I A LINGUA E O PLURILINGÜÍSMO

### 4.8.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mostrar aprecio pola lingua galega como canle de expresión a tódalas situacións da vida.
- Observar diversos comportamentos lingüísticos na vida social.
- Valorar a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social.
- Potenciar as capacidades do alumnado para valorar a realidade lingüística e pluricultural de Galicia.

### 4.8.2. CONTIDOS

#### CONCEPTUAIS

- Relacións e interferencias da lingua galega con outros idiomas.
- A realidade pluricultural de Galicia.
- A situación lingüística de Galicia.
- Necesidade da normalización e dunha normativa.

#### PROCEDIMENTAIS

- Emprego do galego no contexto do alumnado.
- Manipulación de mapas de Galicia.
- Observación e comprensión dos diversos comportamentos lingüísticos e culturais da vida social
- **Diversificación de actividades ao longo do curso.**

#### ACTITUDINAIS

- Valoración da lingua galega como elemento identificador.
- Valoración do patrimonio cultural inmaterial.
- Actitude crítica perante os prexuízos referentes ás linguas e ás variedades sociais das mesmas.

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO 2011-2012



## 4.8.- ACTIVIDADES CURRICULARES

## BLOQUE I A LINGUA E O PLURILINGÜISMO

4. 8.3.ÁREAS	4. 8.4.. ACTIVIDADES E MEDIDAS ADOPTADAS PARA ACADAR DITOS OBXECTIVOS	4. 8.5 ALUMNA. DESTINATA. OU PARTICI.	4. 8.6. PROFESO. PARTICIP.	4. 8.7 TEMPORALIZ.	4. 8.8. ORZA-MENTO	4.8.9.RES- PONSNA.
